



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 43/2011

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE 5 KM. RUTA E DAS CATEGORÍAS JUNIOR, PROMESA E VETERÁNS

19 de Xuño. Maceda. Ourense

Art. 1) O vindeiro domingo día 19 de xuño celebrarase en Maceda, nun circuito urbano e homologado pola RFEA de 5 km a segunda edición do **Campionato Galego Absoluto en ruta de 5 km**, e das categorías **junior, promesa e veteranos**. O evento está organizado polo Clube de Atletismo Academia Postal de Ourense o Concello de Maceda e a Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Ourense.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2010/11) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org con data límite o mércores día **15 de xuño**, ata as 20,00 horas

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 60 minutos antes do comezo da proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías junior, promesa e de tódalas categorías de veteranos recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. Os dorsais serán entregados o domingo ata ás 10:30 horas na secretaría do evento.

Art.7) A saída terá lugar ás 11:30 horas, podendo tomar parte as seguintes categorías:

- Júnior (atletas nad@s en 1992 e 1993)
- Promesa (atletas nad@s en 1989, 1990 e 1991)
- Senior (atletas nad@s en 1988 e anteriores, ata veteranos)
- Veteranos (todas as categorías)

**PATROCINADOR
OFICIAL**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA




XUNTA
DE GALICIA

Art.8) Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, o no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 19 de maio de 2011



PATROCINADOR
OFICIAL



PROVEEDOR

